

A PINTURA GÓTICA: Pre-renacentista



A PINTURA GÓTICA

ESCOLAS:

- **FRANCOGÓTICO** ou **LINEAL**, xurde en Francia no século XIII e se estende por Europa ata ben entrado o XIV
- **ITALOGÓTICO**, ou *Trecento* italiano no século XIV;
- **Gótico INTERNACIONAL** comezos do século XV,
- **ESCOLA FLAMENGA** s. XV considerada por moitos autores xa na órbita do Renacemento.



A PINTURA GÓTICA



Perde importancia a pintura mural,(a excepción de Italia) polo que se desenvolve a pintura sobre táboa, nos retablos e a miniatura (ilustracións de libros), acada o carácter de independencia con respecto á arquitectura.


TEMÁTICA: relixiosa principalmente, aparece a temática profana, sobre todo na pintura dos Países Baixos.

Formalmente

- estudo anatómico das personaxes.
- maior expresividade xestual.
- representación da profundidade. Efecto de profundidade espacial, conseguido co emprego da luz, e a introdución de elementos arquitectónicos e paisaxísticos.



A PINTURA GÓTICA



-**TÉCNICA** varía segundo o soporte, ao fresco nas pinturas murais, en Italia; sobre táboa emprego da témpera e o óleo, xeneralizándose a partir do século XV en Flandres, cos Van Eyck.

- **FACTURA**, pincelada acabada e superficies tersas.

- Emprego da liña para delimitar as figuras con trazo firme.

- No **MODELADO** xogo de luces e sombras para crear volume.

- A **LUZ** xeralmente non é real, soe ter un sentido simbólico.

- A **COR** empregada en gamas ternarias (*secundarioa+primaria*), soe ser irreal, cheo de contidos simbólico.

A PINTURA GÓTICA



- **COMPOSICIÓN,** soe ser
cerrada con todos os
elementos orientados ao
centro teórico.
- **Naturalismo idealizado.**
- **Sentido narrativo**



A PINTURA GÓTICA

Gótico lineal ou estilo franco-gótico(finais do século XII-século XIII)



**Manuscrito de Bonmont,
séc.XIII**

Xorde en Francia, na área de Île de France e Borgoña, en relación coa aparición da arquitectura gótica, e difúndese ao resto de Europa. Estilisticamente caracterízase polo predominio da liña que destaca os contornos das figuras e delimita as zonas de distintas cores; as **tintas son planas, e non hai busca de volume**. As principais manifestacións deste estilo atópanse nas vidreiras e na miniatura.

Nas **vidreiras**, o cristal policromado desenvolve unha composición con centos de diminutas pezas de vidro policromado unidas por varas de chumbo; cobren grandes áreas. Pertencen a este estilo os grandes conxuntos das vidreiras francesas de *Chartres*, *Reims*, ou a *Sainte Chapelle de París*, ou o da *Catedral de Canterbury* en Inglaterra e as da *Catedral de León* en España, todas elas de **grande viveza cromática, con predominio das cores primarias** (amarelos, vermellos, azuis...) sobre fondos monocromos.

As **miniaturas** de Códices, biblias ou salterios terán as mesmas características; as escenas encádranse en marcos arquitectónicos, con ricas orlas de ornamentación vexetal; exemplo destacable son o *Salterio de San Luís*, ou as *Cantigas de Santa María*.

A PINTURA GÓTICA

Estilo Italo Gótico ou Trecento italiano (S. XIV)




A comezos do gótico na pintura italiana aínda se mantén a tradición bizantina de formas hieráticas sobre fondos dourados, nos mosaicos, na pintura mural e tamén na pintura sobre táboa.

Esta maneira de pintar deu entrada a elementos dun certo naturalismo a finais do S.XIII na pintura do sienés **Duccio**, que crea enmarques arquitectónicos reducindo os fondos dourados, e dota de emotividade ás súas figuras (por exemplo, na súa *Maestà*).



A PINTURA GÓTICA



Estilo Italo Gótico ou Trecento italiano (S. XIV) Pre-renascimento

Esta tendencia cristalizou no século XIV nos dous **principais centros artísticos do chamado Trecento italiano**, que orixinaron a Escola de Florencia e a Escola de Siena.

En Florencia destaca a figura de **Giotto**, que romperá coa concepción espacial anterior ao introducir o **espazo tridimensional** e o sentimento na pintura europea;

Introduciu a paisaxe e os encadres arquitectónicos de carácter escenográfico, e deu monumentalidade escultórica aos seus personaxes, aspectos que fan del o máis significativo pre-renacentista.

Especializarase nas pinturas murais, feitas coa técnica do fresco (*buon fresco*).



ESTILO ITALOGÓTICO ou TRECENTO italiano: s. XIV.



Frescos da capela Scrovegni de Padua.

Comezados en 1304 por Giotto na capela da Area, en Padova, por encargo de Enrico Scrovegni, (fillo do famoso usureiro a quen Dante sitúa no Inferno) quen manda construír a capela como expiación das accións de seu pai.

O conxunto consta de 38 escenas evanxélicas, organizadas en 3 series: escenas da vida de Xoaquín e Ana, María e Xesús e do Xuízo final.

ESTILO ITALOGÓTICO ou TRECENTO italiano: S. XIV



Perspectiva:

Interese pola representación espacial, perspectiva complexa por superposición de planos, polo uso da luz e os escorzos.

Tratamento das figuras:

Carácter monumental, ocupan case todo o espazo pictórico, dotadas de gran corporeidade, VOLUME case escultórico, ao que contribúen as pregas amplas da roupa.

Movemento nas actitudes.

ESTILO ITALOGÓTICO ou TRECENTO italiano: S. XIV



Intenta reflectir dun modo naturalista as carnacións.

As figuras están en relación unhas coas outras, cunha clara concepción narrativa.

O espazo representado dun modo tridimensional o que é a principal innovación da pintura do Trecento e o máis importante avance que se deu en toda a Historia da Pintura.

ESTILO ITALOGÓTICO ou TRECENTO italiano: S. XIV



Influencia do mundo clásico no modelado.

Variedade de expresións e actitudes o que denota interese por mostrar sentimentos e estados de ánimo. Gran forza expresiva, chegando á expresión de violentos dramatismos.

As figuras máis importantes e de maior dignidade presentan sempre unha unha mirada concentrada e profunda, dotadas maxestade; ao seu lado hai ~~personaxes secundarias, cuxa menor dignidade queda subliñada pola súa expresión case caricaturesca.~~

ESTILO ITALOGÓTICO ou TRECENTO italiano: S. XIV



CULTURA: Arte Medieval

ESTILO: Gótico

ESCOLA: Italogótica ou
Trecento italiano

AUTOR: Giotto di
Bondone. **TÍTULO:**
Pranto ante Cristo morto.

CRONOLOXÍA: 1305.

EMPRAZAMENTO: Capela
Scrovegni. Padua, Italia.

DIMENSIÓNS: 2m x 1,85 m



- O escaso éxito en Italia das formas arquitectónicas góticas, unido ao forte arraigo do mundo clásico, farán que se manteña viva a tradición da pintura mural de influencia bizantina, “*maniera greca*”, de formas ríxidas e planas sobre fondos dourados. As obras de Giotto, consideradas as primeiras manifestacións do Renacemento, en especial o conxunto da capela Scrovegni de Padua, polo que supuxeron de paso adiante con respecto á arte medieval.

ESTILO ITALOGÓTICO ou TRECENTO italiano: S. XIV



-TÉCNICA: ao fresco nos muros da capela.

- FACTURA: pincelada acabada e superficies tersas.

- Emprego da LIÑA, de trazo seguro, para delimitar as figuras.

- LUZ bastante uniforme, xogo de luces e sombras nas pregas da roupa e no corpo de Cristo, o que contribúe a crear **VOLUME** modelando as figuras.

- CORES suaves con predominio de cores frías, acordes coa tristura dos feitos representados, adquirindo un carácter simbólico.

Giotto di Bondone. Pranto ante Cristo morto. 1305.

Capela Scrovegni. Padua, Italia. 2 x 1,85 m

ESTILO ITALOGÓTICO ou TRECENTO italiano: S. XIV

ICONOGRAFÍA:

Na parte inferior, Cristo morto descendido da cruz, rodeado polas santas mulleres e os apóstolos. A súa nai, acerca o seu rostro ao de Cristo, expresando a dor pola morte do fillo. As demais figuras expresan a dor cada unha a súa maneira, San Juan cos brazos abertos, Maria Magdalena sentada agárralle os pes afectuosamente.

Na franxa superior, os dez anxos aparecen en escorzo, tamén con manifestacións de dor, choran, tapan os ollos... Cada figura en actitude diferente nunha evidente teatralidade xestual.



Giotto di Bondone. Pranto ante Cristo morto. 1305.

Capela Scrovegni. Padua, Italia. 2 x 1,85 m

- Carácter natarrativo

ESTILO ITALOGÓTICO ou TRECENTO italiano: S. XIV



- Toda a obra mostra gran expresividade, representación de gran intensidade dramática, as miradas e xestos traducen o estado de ánimo.
- Valor simbólico da paisaxe na que se insertan as figuras entristecidas, paisaxe árida, unha montaña rochosa en diagonal, fragmentando a composición, e a árbore seca, para subliñar simbolicamente a desolación pola morte de Cristo.

Giotto di Bondone. Pranto ante Cristo morto. 1305.

Capela Scrovegni. Padua, Italia. 2 x 1,85 m

ESTILO ITALOGÓTICO ou TRECENTO italiano: S. XIV

COMPOSICIÓN:

- Simplificada, cerrada e con todos os elementos orientados ao centro teórico, neste caso o corpo de Cristo.
- Organizada en dúas franxas horizontais:
 - Na inferior, a Terra, sobre a que se moven figuras reais, paisaxe con rochas e unha árbore morta. O eixe é o corpo de Cristo ao redor do cal se distribúen as demais figuras, adoptando posturas e xestos diversos.
 - Na superior, o Ceo, as figuras dos anxos que tamén se dirixen a Cristo, foco de atención.



Giotto di Bondone. Pranto ante Cristo morto. 1305.

Capela Scrovegni. Padua, Italia. 2 x 1,85 m

ESTILO ITALOGÓTICO ou TRECENTO italiano: S. XIV



CULTURA: Arte Medieval

ESTILO: Gótico

ESCOLA: Italogótica

AUTOR: Giotto di Bondone

TÍTULO: Fuxida a Exipto

CRONOLOXÍA: 1305

MEDIDAS: 2 x1,85 m

EMPRAZAMENTO: Capela
Scrovegni. Padua, Italia

ESTILO ITALOGÓTICO ou TRECENTO italiano: S. XIV



ICONOGRAFÍA:

A escena recolle a pasaxe do Evanxelio de Mateo no que a Sagrada Familia, Xosé, María e Xesús, despois da visita dos Magos chegados de Oriente, teñen que marchar a Exipto ante o temor de que Herodes mate ao neno.

Giotto di Bondone. Fuxida a Exipto. 1305. 2 x1,85 m

Capela Scrovegni. Padua, Italia.

ESTILO ITALOGÓTICO ou TRECENTO italiano: S. XIV



Giotto di Bondone. Fuxida a Exipto. 1305. 2 x1,85 m
Capela Scrovegni. Padua, Italia.

- **Afastamento das influencias da pintura bizantina que a pintura italiana tiña ata estes momentos.**
- **Elimínase a postura frontal e adóptanse outras nas que as persoas aparecen de costas ou de perfil.**
- **Non aparece o fondo dourado, senón que a paisaxe montañosa é agreste, máis realista.**
- **A gama cromática tamén se enriquece.**
- **As figuras xa non son hieráticas, senón que adquiren maior viveza e expresividade; a comunicación entre elas é evidente.**

ESTILO ITALOGÓTICO ou TRECENTO italiano: S. XIV




- **TÉCNICA** ao fresco, muros da capela.
- **FACTURA**, pincelada acabada e superficies tersas.
- Emprego da **LIÑA** de trazo firme para delimitar as figuras.
- Modelado das figuras, dando gran sensación de **VOLUME**.
- A **COR** empregada en gamas cálidas, adquirindo un carácter simbólico.

Giotto di Bondone. Fuxida a Exipto. 1305. 2 x1,85 m

Capela Scrovegni. Padua, Italia.

ESTILO ITALOGÓTICO ou TRECENTO italiano: S. XIV

COMPOSICIÓN :



A perspectiva oblicua empeza a facerse notar, e desaparecen as liñas horizontais ou verticais.

O anxo presenta un forte scorcio.

O naturalismo gótico apréciase nos vestidos, lixeiros, naturais, nos que desaparecen as liñas douradas.

Sensación de movemento conseguida con pequenos detalles: as patas dianteiras do asno, a mirada cara atrás de San Xosé, o anxo amosando o camiño, a mirada de María ao lonxe.

A figura de María co neno forma un triángulo, acentuado pola montaña que está detrás deles.

Gran importancia da luz para modelar as figuras cun sinxelo claroscuro.

ESTILO ITALOGÓTICO ou TRECENTO italiano: S. XIV

HUIDA A EGIPTO DE GIOTTO

El **paisaje** ocupa un lugar preferente en la obra. La Virgen y el Niño forman el eje central de la obra que se refleja en la cúspide de la montaña. El **olivo** recuerda la Pasión.

Otras **cuatro personas** compone la comitiva, con lo cual Giotto se inspira en un fragmento del Seudo-Mateo. Según una tradición medieval, podría tratarse de los hijos mayores de José, nacidos en un matrimonio anterior. El color de sus mantos recuerda: blanco, la fe; verde, la esperanza; rojo, la caridad. Las figuras van agrupadas de dos en dos en forma de diálogo

La **Virgen** regresa en el asno que la había llevado a Belén cuando iba a dar a luz

Un **ángel** del sueño de José indica el camino; en la historia del arte, acompañará a menudo a la Sagrada Familia durante el viaje, asumiendo diferentes funciones: guía, cocinero, barquero, músico

Los **colores** cálidos y planos que pasan a una función secundaria

La **línea** es más importante que la **luz**, que es artificial y define las figuras

A la cabeza de la expedición está **José**.



Giotto di Bondone. Fuxida a Exipto. 1305. 2 x1,85 m

Capela Scrovegni. Padua, Italia.

ESTILO ITALOGÓTICO ou TRECENTO italiano: S. XIV



- O realismo aparece nos drapeados, que son lixeiros, nos xestos e expresións das figuras, así como na representación detallista do cántaro recuberto de vimbia ou do vestido do Neno.
- Aínda a paisaxe non está ben integrada coas persoas, ou que é moi sumario, os novos valores da pintura de Giotto (volume das figuras e importancia da luz para modelar as figuras cun sinxelo pero eficiente claroscuro) abren as portas á pintura do Quattrocento italiano.

Giotto di Bondone. O bico de Xudas. 1305. 2 x1,85 m

Capela Scrovegni. Padua, Italia.

PINTURA GÓTICA

COMPARANDO as dúas obras, de tema similar, na miniatura do S.XIII, o autor desenténdese da representación espacial.

Giotto redescubriu a arte de crear ilusión de profundidade, o que permite cambiar todo o concepto da pintura.



ESTILO ITALOGÓTICO ou TRECENTO italiano: S. XIV



Anunciación. Simone Martini. 1333. Altar da Catedral de Siena

Na **Escola de Siena** os discípulos de Duccio, en especial **Simone Martini** desenvolven un estilo interesado tamén, por influencia florentina polos efectos de perspectiva, pero cun **uso decorativista da liña e da cor**, e a miúdo con fondos dourados en composicións **delicadas, elegantes e amables**, cunha evolución cara ao naturalismo nas representacións.

A **Anunciación**: unha das mellores realizacións da escola de Siena exemplifica a tendencia cara á cor brillante, os fondos dourados e o valor da liña, que, a pesar de recordar ás fórmulas bizantinas, participa da idealización das formas o naturalismo propias do gótico.

Estilo Internacional



Xurde da fusión do gótico lineal cos avances do **Trecento** italiano a finais do século XIV. Arranca na corte papal de Avignon, (Francia) e desenvólvese sen apenas diferenzas no ambiente das principais cortes europeas ata mediados do século XV. Trátase de **obras refinadas e elegantes, cun marcado carácter cortesán:**

- Figuras estilizadas e curvilíneas, con predominio do movemento acentuado polo tratamento das roupas
- Uso de cores brillantes e intensas, ás veces irrealas; sentido decorativo e simbólico.
- Paisaxes e arquitecturas como fondo das representacións, alternando con fondos dourados; atención aos detalles e carácter decorativo
- Temas relixiosos tratados de maneira amable, e escenas cotiás.

En Francia destacan as miniaturas que os **Irmáns Limburg** fan para o Duque de Berry, como *As Ricas Horas*, na Península Ibérica destaca a obra dos cataláns **Martorell** e **Lluís Borrassá**.

Maio. Páxina do libro de oracións "Très Riches heures"
Ilustrado para o duque de Berry.
P. e J. Limbourg (1410)

PINTURA GÓTICA

Estilo Internacional



- *A miniatura representa a festa anual da primavera.*
- *Os cortesanos a cabalo, elegantemente vestidos atravesan o bosque.*
- *As árbores co castelo ao fondo teñen un aspecto irreal, consegue a ilusión de realidade polo detallismo con que aparecen representadas as figuras dos cortesáns.*

Maio. Páxina do libro de oracións "Très Riches heures" 1410, ilustrado para o duque de Berry. P. e J. Limbourg.

ESTILO FLAMENGO

A CONQUISTA DA REALIDADE



Maio. Páxina do libro de oracións "Très Riches heures" 1410,

J. Van Eyck non rompe totalmente coas tradicións do estilo Internacional, pero consegue tal perfección na representación da realidade que deixou atrás a arte medieval.

COMPARANDO OBRAS: van Eyck, representa unha paisaxe auténtica, árbores reais prolongándose no horizonte.

O cabalo da miniatura parece un cabaliño de madeira, o de Van Eyck en parecida actitude, parece estar vivo, modelado pola luz e sombra.

ESTILO FLAMENGO

A CONQUISTA DA REALIDADE

A pintura realizada em Flandres durante o século XV, será unha auténtica **revolución** na historia da pintura, tanto polos seus valores formais coma polas novidades técnicas, entre as que destaca o uso do óleo. Os pintores deste período, son denominados “primitivos flamencos” e entre eles destacan J. Van Eyck e Roger Van der Weyden. A súa pintura é considerada por moitos autores xa na órbita do Renacemento.



Postigo inferior aberto do Políptico de Gante. 1432.